

MOCIÓN A PROL DA XESTIÓN 100 % PÚBLICA DO CICLO INTEGRAL DA AUGA EN NARÓN A PARTIR DE 2027

Olaia Ledo Díaz, portavoz municipal do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) no Concello de Narón, ao abeiro da lexislación vixente, presenta a seguinte MOCIÓN para o seu debate en pleno :

O servizo de abastecemento e saneamento de auga constitúe un **servizo público municipal obrigatorio, esencial e reservado**. A súa xestión está sometida ao principio de **sustentabilidade e eficiencia**, debendo o Concello optar pola forma máis axeitada de entre as previstas na lexislación de réxime local. Este debate tense que dar co tempo necesario e poñendo en contexto a situación actual de crise derivada da situación dos últimos anos da proposta mixta de COSMA que está a saír cara ás persoas usuarias e, tamén, ao concello como administración pública. Por iso é o momento: temos a oportunidade de mudar a maneira de facer as cousas e ter un servizo 100% público xa que o contrato actual para a prestación deste servizo, adxudicado á empresa mixta COSMA S.A., finalizará o vindeiro 11 de xuño de 2027. Esta data representa unha oportunidade histórica e ineludible para que o Concello de Narón recupere o control total sobre un ben esencial, reorientando a súa xestión cara aos intereses públicos e non cara á xeración de lucro privado. A pesar desta oportunidade, o goberno municipal, baseándose nunha memoria externa elaborada pola consultora INTACTA GESTIÓN AMBIENTAL S.L. , propón a adopción da xestión indirecta mediante un contrato de concesión de servizos. Esta proposta, que o Grupo Municipal do BNG de Narón rexeita, implica a creación dunha nova concesionaria que perpetuaría o modelo de externalización e que tan malos resultados dou nos últimos tempos na nosa cidade. Por iso, desde o BNG reclamamos a **Xestión directa** como opción máis sostible e eficiente. Este modelo, entre as diferentes posibilidades pode ser a da creación Entidade Pública Empresarial Local ou Sociedade Mercantil Local. É dicir, non é necesario que o persoal teña que ser funcionario e demorar o tempo en xestionar o proceso se non contar cunha fórmula que permita contar co persoal necesario cun modelo 100% público. Desde o BNG temos claro que é a opción que mellor garante a sustentabilidade e eficiencia a longo prazo, do que podemos enumerar tres dos moitos motivos que suporían un beneficio:

- 1. Control Integral:** Permite o control político e técnico total e inmediato por parte do Concello, eliminando as friccións e complexidades derivadas dos conflitos entre o ente público e a empresa privada.
- 2. Reinvestimento de Beneficios:** Os beneficios (ou superávits) xerados pola tarifa poden ser reinvestidos integramente na mellora e mantemento da rede de auga, así como na consecución de obxectivos ambientais e sociais, en lugar de destinarse ao lucro privado.
- 3. Transparencia:** A xestión pública directa integra as contas e a información do servizo no orzamento municipal, garantindo a máxima transparencia e fiscalización fronte ás opacidades típicas das concesións.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Municipal do BNG de Narón propón ao Pleno a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

- 1.** Rexeitar a proposta de adoptar a xestión indirecta mediante contrato de concesión de servizos para a prestación do ciclo integral da auga a partir de xuño de 2027.
- 2.** Instar ao Goberno Municipal a reverter a súa proposta e a iniciar, de inmediato, os traballos técnicos e xurídicos necesarios para que o servizo de xestión do ciclo integral da auga sexa 100% público a partir de xuño de 2027.
- 3.** Acordar que a forma de xestión escollida sexa unha modalidade de xestión directa que garanta o control público total e a máxima eficiencia, priorizando as formas que permitan a contratación de persoal laboral especializado (como a Entidade Pública Empresarial Local ou a Sociedade Mercantil Local), de conformidade co Artigo 85.2.A da Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local.
- 4.** Ordenar a elaboración dunha memoria económico-xurídica comparativa que analice en profundidade os custos de investimento e de persoal necesarios para a xestión 100% pública (nas súas diferentes



NARÓN

modalidades) fronte á concesión, tomando como base os datos de liquidación de COSMA S.A..

5. Dar traslado deste Acordo á Alcaldía e aos Servizos de Contratación e Intervención municipal.

Narón, 9 de decembro de 2025